

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 6 de abril de 2016, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da Festa da Santa Cruz e os danzantes de Lamas.

“ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o 17.03.2016, o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da Festa da Santa Cruz e os danzantes de Lamas, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud de concello de Xinzo de Limia
- Certificación do acordo do Pleno do concello de solicitude da declaración de festa de interese turístico
- Informe da Área provincial de Ourense da Axencia Turismo de Galicia
- Informe da Subdirección Xeral do Patrimonio Cultural

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítase este informe sobre a declaración da Festa da Santa Cruz e dos danzantes de Lamas como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93, que se atopa no título VII “Promoción e fomento do turismo”, no capítulo II “Medidas de promoción e fomento”, as festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo:

“Artigo 93. Festas de interese turístico de Galicia.

A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración:**

a) A facilidade de acceso, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A estética, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

e) A calidade dos actos que configuren a celebración.

- f) A creatividade e innovación na celebración do evento.
- g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes.
- h) A afluencia de visitantes.
- i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

III. Procedencia da declaración

Na regulación vixente diferéncianse os requisitos esixibles para a declaración de festa de interese turístico dos criterios de valoración; os requisitos configúranse como elementos de inescusable concorrencia e deben ser apreciados con rigor, posto que as festas declaradas deben ser a imaxe de Galicia e, así, tender cara a excelencia e calidade.

A Festa da Santa Cruz e os danzantes de Lamas non cumpre a xuízo da comisión os requisitos esixidos para a declaración de festa de interese turístico de Galicia, non contando cunha notable afluencia turística, nin gozando da singularidade requirida para a súa declaración como de interese turístico. A celebración cínquese a unha parroquia de impacto moi local e dirixida a poboación da contorna inmediata. Carece de capacidade para atender ou aloxar a posibles visitantes e turistas, polo que o impacto sobre o turismo sería especialmente limitado.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia

INFORMA

Desfavorablemente a declaración como festa de interese turístico de Galicia da Festa da Santa Cruz e os danzantes de Lamas.”